

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 22 de maio de 2019 na sala de xuntas da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, no Campus de Vigo, que poden ser do seu interese:

- \* Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 29 de abril de 2019.
- \* Aprobación da Resolución referente á declaración de días inhábiles a efectos de cómputo de prazos en procedementos administrativos.
- \* Aprobación do cambio de área de coñecemento dos profesores Dna. Marta Pérez Rodríguez e D. Xabier García Martínez.
- \* Aprobación de nomeamentos e de prórrogas de profesorado emérito.
- \* Aprobación do Regulamento polo que se establece o Réxime de Cambio de Centro en Titulacións de Grao co mesmo Plan de Estudos na Universidade de Vigo.
- \* Aprobación do Procedemento para a Transformación dos Contratos do Profesorado Axudante Doutor a Profesorado Contratado Doutor Interino.
- \* Aprobación dos criterios de produción de investigación e de transferencia na convocatoria de 2019.
- \* Aprobación da convocatoria de captación de talento do ámbito tecnolóxico de 2019.
- \* Aprobación da modificación do Regulamento de premios extraordinarios de grao universitario.
- \* Aprobación do Regulamento de Réxime Interno do CEUVI (Consello de Estudiantes da Universidade de Vigo).

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.